



PLAN DE IGUALDADE

Introdución	2
Contextualización normativa e do centro	2
Contexto normativo	2
Contexto do noso centro	3
Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia	4
Fortalezas, debilidades, oportunidades e ameazas	4
Representación de profesorado e alumnado nos distintos órganos de decisión	6
Registro de condutas contrarias á convivencia (conflitividade escolar)	6
Escolarización nas distintas etapas educativas	6
Obxectivos coeducativos que se abordan no plan	7
Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes	7
Prevenición, detección e intervención en casos de violencia de xénero	8
Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual	8
Prevenición, detección e intervención en casos de LGBTIfobia	9
Medidas de actuación	10
Medidas de actuación segundo o ámbito de actuación	10
Organización do centro.	10
Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes	10
Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.	10
Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.	11
Concreción das medidas de actuación	11
Seguimento e avaliación.	13



Introdución

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, manifesta no seu preámbulo que a educación é o medio de transmitir e de renovar a cultura e o acervo de coñecementos, así como os valores que a sustentan. Un dos principais fins que se persegue é a formación no respecto dos dereitos, das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes. O obxectivo principal deste plan é organizar as propostas de traballo do noso centro e concretar as medidas de actuación que se van propoñer para acadar os obxectivos coeducativos, principalmente no tocante a desenvolver o principio de igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero, así como fomentar na nosa comunidade educativa a reflexión sobre os prexuízos culturais nos que todos e todas fomos educadas e que seguen a existir na sociedade (familia, traballo...). Estes prexuízos fomentan condutas que poden derivar en situacións de violencia de xénero, acoso escolar e delitos de odio. No noso centro existen cuestións organizativas relacionadas coa igualdade de xénero que xa están a funcionar:

- Hai nomeada unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar.
- Están concretados obxectivos coeducativos a través do Plan de Convivencia e do Plan de Acción Titorial.
- Realízanse actividades dirixidas a todo o alumnado nas datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo e celebracións LGBTI).
- A coeducación aparece como marca de identidade do Proxecto educativo.

Contextualización normativa e do centro

Contexto normativo

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, manifesta no seu preámbulo que a educación é o medio de transmitir e de renovar a cultura e o acervo de coñecementos, así como os valores que a sustentan. Un dos principais fins que se persegue é a formación no respecto dos dereitos, das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes.

A lei orgánica 8/2013, de 3 maio, de Educación contempla en varios apartados o tema da igualdade entre homes e mulleres. Tamén no seu preámbulo establece que só un sistema educativo de calidade, inclusivo, integrador e esixente, garante a igualdade de oportunidades e fai efectiva a posibilidade de que cada alumno ou alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.



O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, no seu Capítulo II recolle que o plan de convivencia dos centros educativos integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes.

Contexto do noso centro

En relación ás actuacións concretas relacionadas coa igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a previr a violencia de xénero e a LGBTIfobia que xa figuran na documentación do centro.

Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia

Fortalezas, debilidades, oportunidades e ameazas

No cadro seguinte Identificamos as fortalezas, as debilidades, as oportunidades e as ameazas do noso centro na actualidade relacionadas coa igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.

Fortalezas	Debilidades
Contamos cunha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar.	Non existe persoal formado en igualdade e liberado en horario.
Tanto no Plan de convivencia como no Plan de Acción Titorial concrépanse obxectivos coeducativos.	Na web do centro non hai unha sección adicada á igualdade e coeducación.
Existen actuacións no centro promovidas por Orientación, responsable de biblioteca e a responsable de igualdade.	A linguaxe inclusiva non está na totalidade dos documentos do centro.
Dende a materia de libre configuración	A linguaxe oral non sexista do profesorado



“Educación emocional” que se imparte en 1º de ESO e 1º de Bacharelato, abórdanse a educación en emocións, a corresponsabilidade, os estereotipos...	non está xeneralizada nos contextos formais como claustros, avaliacións, concello social e actos públicos en xeral.
Existe unha responsable de igualdade encargada de planificar e coordinar as actuacións que se recollen neste plan.	Non existe ningún plan formativo en materia de igualdade no centro.
O equipo directivo está completamente implicado na aplicación deste plan.	
Dende o centro xa se están a levar accións orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a previr a violencia de xénero e a LGBTIfobia. Ditas actuacións están recollidas no Plan de Acción Titorial	
Dende a Biblioteca realízanse accións promotoras da igualdade. Tamén hai unha sección na biblioteca adicada á igualdade e violencia de xénero	
Facilítase ao alumnado o acceso aos vestiarios e aseos correspondentes ao xénero co que se sente identificado.	
A alumna ou alumno elixe libremente como vestir e tamén en función ao xénero que sente como propio	

Oportunidades	Ameazas
Gran parte do profesorado está moi sensibilizado con este tema.	A sobrecarga de funcións do profesorado (horas lectivas, nº de alumnado...) dificulta a asunción de novas responsabilidades.
Recursos externos á nosa disposición (cursos de formación, asociacións colaboradoras...)	A pouca formación en Igualdade de parte do profesorado



As accións realizadas ata o momento
pódense sistematizar

Representación de profesorado e alumnado nos distintos órganos de decisión

Órgano	mulleres(%)	homes(%)
E. directivo	25%	75%
CCP	68%	32%
Claustro	63%	37%
C. Escolar (prof)	66%	34%
C. Escolar (fam.)	100%	0%
C. Escolar(alum.)	100%	0%

Rexistro de condutas contrarias á convivencia (conflitividade escolar)

	mulleres(%)	homes(%)
Condutas contrarias á convivencia	35%	65%



Escolarización nas distintas etapas educativas

nivel	mulleres(%)	homes(%)
1º ESO	55%	45%
2º ESO	52%	48%
3º ESO	41%	59%
4º ESO	48%	52%
1º BAC	49%	51%
2º BAC	47%	53%

Obxectivos coeducativos que se abordan no plan

Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

O.1.1	Lograr a participación e a paridade na composición equilibrada dos órganos de representación e decisión
O.1.2	Fomentar entre o alumnado a capacidade de identificar na súa contorna familiar e social estereotipos de “home” e “muller” así como desigualdades no rol que desempeñan homes e mulleres
O.1.3	Contrarrestar o efecto das mensaxes non igualitarias : medios de comunicación, publicidade, documentos, etc



O.1.4	Fomentar entre o alumnado a visualización e a análise dos papeis asignados a homes e mulleres ao longo da historia e valorar a contribución de ambos ao desenvolvemento da sociedade
O.1.5	Educar ás alumnas e aos alumnos na corresponsabilidade relacionada co traballo doméstico e o coidado das persoas da contribución da muller e nos distintos ámbitos da sociedade
O.1.6	Facer reflexionar ao alumnado sobre o prexuízo e a inxustiza que supón tanto para os homes como para as mulleres a asignación de roles por condicións de sexo

Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero

O.2.1	Facer reflexionar ao alumnado e ás familias sobre a relación que existe entre a violencia de xénero e a maneira en que entendemos as relacións de parella
O.2.2	Potenciar no alumnado a capacidade de identificar e afondar nas falsas crenzas, relacións tóxicas nas relacións amorosas entre homes e mulleres
O.2.3	Facer reflexionar ao alumnado e ás familias sobre as novas formas de violencia que xorden no contexto dixital
O.2.4	Previr a aparición de comportamentos que poden conducir á violencia e dominio sobre a muller desde idades temperás
O.2.5	Concienciar ao alumnado, como parte integrante da sociedade para que non apoie e, no seu caso, para que denuncie formalmente os casos de violencia de xénero



Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual

O.3.1	Promover a análise crítica das informacións dos distintos medios de comunicación acerca das situacións de marxinación de tipo afectivo-sexual
O.3.2	Transmitir e poñer en práctica valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto
O.3.3	Favorecer e promover o respecto á libre orientación afectivo-sexual e a identidade de xénero
O.3.4	Eliminar a presunción de heterosexualidade e de xénero das persoas que compoñen a comunidade educativa e das familias

Prevenición, detección e intervención en casos de LGBTIfobia

O.4.1	Concienciar ao alumnado , como parte integrante da sociedade para que non apoie e , no seu caso, para que denuncie formalmente os casos de violencia de LGBTIfobia
O.4.2	Clarificar ao alumnado conceptos e ideas sobre os que adoita existir unha gran confusión
O.4.3	Promover a reflexión sobre a situación actual dos dereitos humanos no relativo á orientación sexual



Medidas de actuación

Medidas de actuación segundo o ámbito de actuación

Organización do centro.

1. Introducir a perspectiva de xénero en todos os documentos organizativos e programáticos do centro.
2. Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás familias).
3. Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
4. Ofertar materias específicas de igualdade de xénero
5. Acadar a paridade na elección de delegados, delegadas, subdelegados e subdelegadas.
6. Realizar actividades ao redor das datas coeducativas. Neste senso, establecerase cada curso académico actividades, como mínimo, nas seguintes datas:
 - 25 de novembro, día internacional contra a violencia de xénero.
 - 8 de marzo, día internacional da Muller.
 - 17 de maio, día internacional contra a homofobia e a transfobia.

Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes

1. Fomentar o emprego de materiais didácticos inclusivos e coeducativos.
2. Realizar actividades de sensibilización na aula.
3. Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.

Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

1. Crear na web do centro unha sección adicada á igualdade e coeducación.
2. Posuír un taboleiro que recolla información de interese sobre a igualdade de xénero e a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar.
3. Xestionar as actividades e a ocupación do patio para favorecer a inclusión. Neste senso promoverase a formación de equipos mixtos na realización de calquera actividade lúdica ou deportiva. Evitarase a apropiación de espazos comúns por parte de determinado alumnado.
4. Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
5. Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou



orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.

Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

1. Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
2. Promover a corresponsabilidade na realización de tarefas.
3. Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.

Concreción das medidas de actuación

As actividades asociadas a estas actuacións serán concretadas para cada curso escolar como anexo a este plan.

Actuación	Obxectivos	Responsable
Introducir a perspectiva de xénero en todos os documentos organizativos e programáticos do centro	O.1.3	Dirección
Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás familias)	O.1.5 O.2.4 O.3.3 O.3.4	Dirección
Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade	Todos	Dirección
Ofertar materias específicas de igualdade de xénero	Todos	Departamentos
Acadar a paridade na elección de delegados, delegadas, subdelegados e subdelegadas	O.1.1 O.2.4	Titor/a Xefatura de estudos
Realizar actividades ao redor das datas coeducativas	O.1.4 O.2.1 O.2.3 O.2.4 O.2.5 O.3.2 O.3.3 O.3.4 O.4.3	Comisión de igualdade
Fomentar o emprego de materiais didácticos inclusivos e coeducativos	O.1.3	Departamentos



Realizar actividades de sensibilización na aula	Todos	Profesorado
Realizar actividades de información e sensibilización coas familias	O.1.3 O.2.1 O.2.3 O.3.1 O.3.2 O.3.3 O.3.4	Dirección
Crear na web do centro unha sección adicada á igualdade e coeducación	O.1.3	Coordinador TIC
Posuír un taboleiro que recolla información de interese sobre a igualdade de xénero e a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar	O.1.3	Comisión de igualdade
Xestionar as actividades e a ocupación do patio para favorecer a inclusión. Neste senso promoverase a formación de equipos mixtos na realización de calquera actividade lúdica ou deportiva. Evitarase a apropiación de espazos comúns por parte de determinado alumnado	O.1.2 O.1.6 O.2.4 O.3.2	Profesorado
Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar	O.1.3 O.1.4 O.1.6 O.2.1 O.2.2 O.2.4 O.3.3	Equipo da biblioteca Profesorado
Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional	O.2 O.3 O.4	Orientación
Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero	O.3 O.4	Comunidade educativa
Promover a corresponsabilidade na realización de tarefas	O.1	Comunidade educativa
Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas	O.1.5 O.1.6	Profesorado



Seguimento e avaliación.

O seguimento do plan será continuado e permitiranos ter un coñecemento preciso sobre as intervencións realizadas en materia de igualdade. Este seguimento será realizado pola comisión de igualdade e permitiranos revisar os obxectivos, as actuacións e as súas actividades para a planificación de futuras accións e liñas de mellora.

A avaliación terá carácter continuo e avaliaremos se os obxectivos propostos en cada actividade se conseguiron ou non. Así, en cada unha das actuacións a desenvolver avalarase a consecución de obxectivos e o grao de realización de actividades previstas. Coa avaliación poderemos analizar a adecuación dos tempos, dos recursos e do impacto xerado.